

## **OPORTUNIDADE ADIANTADA CURSO 2015/16**

### **NORMATIVA**

#### **NORMATIVA DE XESTIÓN ACADÉMICA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA O CURSO ACADÉMICO 2015/2016**

##### **Título IV. Réxime de avaliacións**

##### **ARTIGO 18. CONVOCATORIAS E OPORTUNIDADES PARA MATERIAS DAS TITULACIÓNS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO**

...

18.4. O alumno de grao e mestrado que non teña pendente máis que a superación de 12 créditos correspondentes a materias das que xa estivese matriculado nalgún ano académico ou de 18 créditos correspondentes a prácticas, ademais do TFG ou TFM, para rematar os seus estudos, poderá concorrer a unha oportunidade adiantada de avaliación que se realizará antes da finalización das actividades académicas correspondentes ao 1.º cuadrimestre, naquelas datas que se establezan no calendario académico que aprobar o Consello de Goberno.

Os trámites e condicións que corresponden a este adiamento de oportunidades están establecidos no artigo 19 das Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario.

#### **NORMAS DE AVALIACIÓN, REVISIÓN E RECLAMACIÓN DAS CUALIFICACIÓNS DOS ESTUDOS DE GRAO E MESTRADO UNIVERSITARIO**

##### **IV. CONVOCATORIAS**

##### **Artigo 19º. Adiamento de oportunidades de avaliación para titulacións adaptadas ao EEES**

1.- O alumno de grao e mestrado que non teña pendente máis que a superación de 12 créditos correspondentes a materias das que xa estivese matriculado nalgún ano académico ou de 18 créditos correspondentes a prácticas, ademais do TFG ou TFM, para rematar os seus estudos, poderá concorrer a unha oportunidade adiantada de avaliación que se realizará antes da finalización das actividades académicas correspondentes ao 1º cuadrimestre, naquelas datas que se establezan no calendario académico que aprobar o Consello de Goberno.

2.- O alumno que desexa concorrer a esta oportunidade adiantada de avaliación deberá solicitalo coa matrícula ordinaria nos prazos que para esta se estableceren e matricularse de forma obrigatoria en todas as materias que lle resten para finalizar os seus estudos, incluída a matrícula no TFG ou TFM.

Non obstante habida conta das limitacións establecidas para efectuar a matrícula do TFG, no art. 1 da Norma que regula a matrícula e a defensa do TFG e do TFM, aprobada polo Consello de Goberno do 19 de decembro de 2013, o alumno afectado por estas limitacións poderá efectuar esta matrícula, unha vez que cumpra todos os requisitos necesarios, no prazo establecido na Normativa de Xestión Académica para a ampliación de matrícula.

Para proceder á defensa do TFG ou do TFM, o alumno deberá ter superados o resto dos créditos do título.

3.- As condicións de avaliación da oportunidade adiantada, se non están especificadas nas respectivas guías docentes, serán as establecidas para a segunda oportunidade.

4.- En ningún caso procederá a matrícula das materias pendentes para presentarse a esta oportunidade adiantada con posterioridade á realización da avaliación desta.

5.- Aquele estudante que non supere a avaliación na oportunidade adiantada, ou non se presente a esta, malia telo solicitado, poderá utilizar como segunda oportunidade, ao seu criterio, tan só unha das establecidas nese mesmo curso académico: a 1ª oportunidade para materias do 1º cuadrimestre ou do 2º cuadrimestre, nas datas que se estableceren no calendario académico que aprobe o Consello de Goberno, ou a 2ª oportunidade no mes de xullo.

#### **CALENDARIO ACADÉMICO CURSO 2015/2016**

Convocatoria	Datas de avaliación	Data límite de sinatura e entrega de actas
Adianto de convocatoria	Do 30 de novembro ao 11 de decembro de 2015	22 de decembro de 2015